



XIV **Asemblea Nacional de Esquerda Unida**

RESOLUCIÓN APROBADA

PALESTINA

Compostela, 12 de abril de 2025

PALESTINA

Nos momentos actuais, a situación en Palestina atópase nunha preocupante e trágica situación ao non respectar Israel o alto o fogo.

Gaza leva máis un mes e medio sen axuda humanitaria algunha e moitos destes días carecendo de subministro eléctrico por mor do bloqueo sionista. Ao tempo o exército de ocupación israelí continúa bombardeando á poboación de Gaza e desatando unha ofensiva contra os guetos de Cisjordania, especialmente contra os campamentos de refuxiados de Jenín, Nablus e Nur Shams.

As negociacións cos mediadores exipcios e qatarís céntranse en deter a masacre, a retirada do exército israelí da Franxa e a súa reconstrución. Un dos principais impedimentos para avanzar témolo na vontade de Netanyahu ao obxecto de gañar tempo para os seus equilibrios internos namentras continúa co criminal castigo colectivo sobre a poboación palestina.

EE.UU. continúa apoiando a Israel incrementando a xa xenerosa partida orzamentaria e armamentística ao tempo que o seu Presidente Trump extorsiona e despreza ao pobo palestino deseñando o futuro de Gaza como destino turístico previa a limpeza étnica do territorio.

O pobo palestino, desde 1967 vén sufrindo o asedio dunha potencia ocupante que viola o dereito internacional cun continuo ataque do exército israelí á vida e aos dereitos fundamentais da poboación civil, dos cooperadores internacionais e dos periodistas. Tal crueldade non pode agacharse baixo a inxustificable escusa do dereito á lexítima defensa, pois non se corresponde coas condicións que para iso esixe o dereito internacional, particularmente o requisito de necesidade e proporcionalidade. Así o evidencian os máis de 50.000 mortos, dos cales o 70% son nenos e mulleres, e preto de 110.000 feridos (datos do Ministerio de Sanidade gazatí), así como milleiros de desaparecidos e o desprazamento de máis de 2 millóns de persoas,

Aos ataques en Gaza e Cisjordania hai que sumar a invasión do Líbano, país soberano, ocasionando máis de 4.000 mortos e 15.000 feridos, e 1,2 millóns de desprazados internos (datos do Ministerio de Saúde do Líbano), así como as agresións a Siria e a tensión bélica con Irán e Iemen, ameazando a paz na rexión e máis aló.

Esta dramática actualidade non sería posible sen a inacción e a conivencia de moitos gobernos que prefiren manter as súas relacións xeoestratéxicas e comerciais con Israel e, ao mesmo tempo, da inacción da comunidade internacional (ONU e UE, entre elas) na resolución da cuestión Palestina, que dá pé á impunidade de Israel. A elección do novo presidente dos EE.UU., está a empeorar, esta trágica situación.

Así mesmo, no seu informe (marzo, 2024) a relatora especial da ONU para os dereitos humanos nos territorios palestinos ocupados considera que é necesario impoñer sancións a Israel e suspender relacións económicas, diplomáticas, políticas e militares co país a fin de acabar coa ocupación e o que cualifica de xenocidio en Gaza.

Aínda así, o goberno de España encobre cunha lei franquista as súas exportacións de armas (maioritariamente bombas e mísiles por millóns de euros) ao estado de Israel baixo a protección da Lei de Segredos Oficiais (en vigor dende 1968). Os acordos entre ambos países (formalizados en 2014) continúan no medio do silencio oficial, xerando serias dúbidas sobre o papel de España no mantemento deste conflito, a pesar do masacre contra civís en Gaza desde outubro de 2023.

De conformidade con estes feitos, Esquerda Unida expresa a súa solidariedade co pobo palestino e considera:

- Condenar explicitamente a violencia contra as persoas polas súas ideas políticas, relixión ou orixe étnica, por razón de sexo ou orientación sexual.
- Apoiar a xusta causa do pobo palestino pola súa libre determinación e o regreso dos refuxiados, tal e como recoñece Nacións Unidas.
- Esixir o cumprimento do alto o fogo acordado e que o goberno de Israel deteña os seus criminais ataques, respecte os corredores humanitarios e poña fin ao xenocidio do pobo palestino.
- Sumarse á esixencia de que Israel cumpra coas Resolucións da ONU e atenda ao ditame da Corte Internacional de Xustiza, polas súas constantes violacións dos dereitos humanos, e cumpra as súas obrigacións conforme á Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio.
- Apoiar aos países que xa presentaron (Sudáfrica), ou presenten no futuro, demandas ante os tribunais internacionais de xustiza contra o Estado de Israel e os seus representantes por someter a un réxime de apartheid e cometer crimes de guerra e crimes de lesa humanidade sobre a poboación de Gaza e Cisjordania.
- Esixir que o goberno de España rompa as súas relacións comerciais e deteña e bloquee de inmediato a venda de armas con Israel.
- Solicitamos que se suspenda o Acordo de Asociación UE-Israel (1995) por non se cumpriren as súas cláusulas no que atinxe ao respecto dos Dereitos Humanos.
- Considerar inaceptable a falta de transparencia dos acordos militares entre España e Israel, un estado cun historial de ocupación e vulneración de dereitos nos Territorios Ocupados.
- Rexeitar calquera forma de cooperación coas entidades e institucións israelís (empresas, universidades...) que practiquen o *apartheid*, sexan coniventes co xenocidio ou contribúan ás estratexias israelís de expansión, colonización, anexión, espolio de recursos e modificación demográfica do territorio palestino ocupado, por ser estas prácticas contrarias ao Dereito Internacional e ao respecto dos Dereitos Humanos. Ao mesmo tempo, solicita dos poderes públicos que asuman e defendan esta posición.

¡ Defender ó pobo palestino é defender a paz, a xustiza e a liberdade en todo o mundo !

¡ VIVA PALESTINA LIBRE !

